

traballo, Real decreto 1040/1981, artigo 2 e), e para os efectos previstos nel, faise público que no correspondente servizo desta dirección xeral presentouse o día 19 de xuño de 2008, o acordo alcanzado o 17 de xuño de 2008 pola comisión negociadora do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, consistente en engadir unha disposición transitoria décima ao citado convenio.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do referido acordo no rexistro correspondente desta dirección xeral.

Segundo.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2008.

Pilar Cancela Rodríguez
Directora xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Reunida o 17 de xuño de 2008 a comisión negociadora do convenio estatutario para a modificación do IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, integrada polo comité intercentros e os representantes da Administración da Xunta de Galicia, acorda:

Primeiro.-Engádesse unha disposición transitoria décima ao IV Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, co seguinte contido:

«Como consecuencia do disposto no acordo de ordenación e mellora do emprego público no ámbito da Administración da Xunta de Galicia (asinado o día 21 de abril de 2008 pola Administración e as organizacións sindicais: CIG, CC.OO. e UGT), excepcionalmente ao persoal laboral que superou os procesos selectivos derivados da OPE do ano 2005 poderáselle ofertar destino provisional con carácter voluntario. Quen opte por non elixir destino provisional, e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa, será nomeado persoal laboral fixo da Xunta de Galicia na categoría que teña superado, quedando na situación de suspensión do contrato establecida no artigo 45.1º a) do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. A dita suspensión de mutuo acordo rematará coa elección de destino definitivo para o persoal que superou os procesos da OPE 2005 nas categorías correspondentes».

Segundo.-Esta disposición transitoria entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Resolución do 13 de xuño de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se fai pública a listaxe definitiva de admitidos e excluídos para participar nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional e procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios dos anteditos corpos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertidos erros na devandita resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 117 de mércores, 18 de xuño de 2008 é necesario efectuar as seguintes modificacións:

Primeiro.-Incluír na lista definitiva de admitidos e eliminar do anexo de excluídos ao opositor Rial Rial, Benjamín, DNI 36043451-J, nº 502b, disciplina 590011 inglés, quenda libre, si exento de galego, si exento de castelán, non solicita informe.

Segundo.-Declarar que a opositora Quintela Pérez, María Luisa, nº 150, disciplina 590001 filosofía, non solicita emisión de informe. (Informe N).

Terceiro.-Declarar exento da proba de coñecementos de lingua galega os opositores que se relacionan:

Miguélez Vázquez, Ana Belén, nº 285, disciplina 590006 matemáticas.

Salas Fernández, Gloria María, nº 541, disciplina 590011 inglés.

Pavón Reinoso, Miguel, nº 234, disciplina 590019 tecnoloxía.

Telmo Miranda, Javier, nº 70, disciplina 590112 organización e proxectos de fabricación mecánica.

Conde Castelo, Candela, nº 24, disciplina 590119 procesos e medios de comunicación.

Pavón Reinoso, Miguel, nº 47, disciplina 591216 operacións de produción agraria.

Cuarto.-Cambiar de quenda (e, se procede, de número) os seguintes opositores:

Cancela Sartal, Patricia, nº 49b, quenda libre, disciplina 590019.

González López, Jesús Lorenzo, nº 9b, quenda libre, disciplina 594410 fruta travesa.